



DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Idioma estranxeiro: Inglés			
Código	O05G110V01406			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Larkin Galiñanes, Maria Cristina			
Profesorado	Larkin Galiñanes, Maria Cristina			
Correo-e	larkin@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A Orde ECI/3854/2007, de 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Infantil estipula que un aspecto das competencias que deben adquirirse por parte destes profesionais é "Ser capaz de fomentar unha primeira aproximación a unha lingua estranxeira".			

Competencias de titulación

Código	
A2	Capacitar os docentes para que aprendan a promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
A3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
A4	Proporcionar ás alumnas e aos alumnos recursos para fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
A5	Promover estratexias adecuadas para que na súa futura práctica docente as alumnas e alumnos poidan reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
A6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
A11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
B3	Comunicación oral e escrita
B4	Coñecemento de lingua estranxeira
B9	Traballo en equipo
B10	Traballo nun contexto internacional
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B15	Aprendizaxe autónoma
B19	Coñecemento doutras culturas e costumes
B20	Iniciativa e espírito emprendedor

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

1. Comprender textos escritos redactados nunha lingua de uso habitual e cotián ou relacionada co traballo.		B3 B4 B10 B11 B12 B19
2. Ser capaz de escribir textos sinxelos e ben enlazados sobre temas que lle son coñecidos ou de interese persoal.		B3 B4 B10 B11
3. Comprender as ideas principais do discurso falado cando este é claro e normal e trátanse asuntos cotiáns dos ámbitos persoal e educacional.		B3 B4 B10 B11 B12 B19
4. Poder participar espontáneamente nunha conversación que trate temas cotiáns de interese persoal ou que sexan pertinentes para a vida diaria (por exemplo familia, afeccións, o fogar e a súa contorna, etc.)		B3 B4 B10 B11 B12 B19
5. Saber enlazar frases de forma sinxela co fin de describir experiencias e feitos, así como os seus soños, esperanzas e ambicións.		B3 B4 B10 B11 B12 B19
6. Poder abordar oralmente en inglés, con fluidez e seguridade, temas de interese para alumnos de educación infantil.		B3 B4 B11 B12 B19
7. Poder explicar e xustificar brevemente as súas opinións e proxectos.		B3 B4 B10 B11 B12
8. Saber narrar unha historia ou relato, a trama dun libro ou película, e poder describir as súas reaccións.		B3 B4 B10 B11 B12 B19
9. Desenvolver a competencia comunicativa necesaria para abordar en inglés, con fluidez e seguridade, temas de interese para alumnos de educación infantil.	A2 A6	B3
10. Desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma e de traballo cooperativo, favorecendo a análise e a observación dos propios procesos de aprendizaxe.	A4 A11	B9 B11 B15
11. Coñecer formas e medios para continuar e enriquecer a súa propia formación cultural e lingüística.	A11	B10 B19 B20
12. Desenvolver certas actitudes afectivas desexables na aprendizaxe dunha L.E. como, por exemplo, solidariedade e cooperación cos demais, interese e tolerancia cara ao diferente, seguridade na propia competencia lingüística, e unha visión da L.E. como medio de comunicación real e non meramente unha asignatura máis.	A3 A5	B12

Contidos

Tema	
1. Aspectos lingüísticos	1. Léxico, gramática, semántica, corrección fonética, ortografía.
2. Aspectos sociolingüísticos	2. Os marcadores lingüísticos de relacións sociais, as normas de cortesía, as expresións de sabeduría popular, diferenzas de rexistro.
3. Aspectos discursivos	3. Ordenar oracións en función da secuencia natural, relacións de causa e efecto (ou viceversa), e estruturación do discurso; ordenar o discurso en función da organización temática, coherencia e cohesión.

4. Aspectos estratéxicos	4. Estratexias verbais que se utilizan para impedir a incomunicación: solicitude de repetición, paráfrasis, uso de palabras xerais, aproximación, aclaración , solicitude de axuda.
5. Aspectos interculturales	5. A vida diaria, as relacións persoais, valores, crenzas e actitudes, linguaxe corporal, convencións sociais, comportamentos rituais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudos/actividades previos	0	20	20
Prácticas de laboratorio	10	0	10
Traballos tutelados	10	21	31
Presentacións/exposicións	10	25	35
Traballos de aula	19.5	0	19.5
Actividades introdutorias	1.5	0	1.5
Prácticas autónomas a través de TIC	0	25	25
Probos de tipo test	1.5	6.5	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudos/actividades previos	Lectura e realización de exercicios. É unha actividade que se levará a cabo de forma autónoma por parte do alumnado.
Prácticas de laboratorio	Adquisición de habilidades básicas e procedimentais e procura de información relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense no laboratorio de idiomas.
Traballos tutelados	O estudante, de xeito individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia. Usualmente trátase dunha actividade autónoma dos estudantes que inclúe a procura e recolleita de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción e/ou exposición oral.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de xeito individual ou en grupo.
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos no aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a asignatura.
Prácticas autónomas a través de TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través das TIC de xeito autónomo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas autónomas a través de TIC	Os estudantes dispoñerán de atención personalizada, tanto nas horas de titoría como nas horas de traballo en grupos máis reducidos.
Traballos tutelados	Os estudantes dispoñerán de atención personalizada, tanto nas horas de titoría como nas horas de traballo en grupos máis reducidos.
Presentacións/exposicións	Os estudantes dispoñerán de atención personalizada, tanto nas horas de titoría como nas horas de traballo en grupos máis reducidos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	Adquisición de habilidades básicas e procedimentais e procura de información relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense no laboratorio de idiomas.	20
Traballos tutelados	O estudante, de xeito individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia. Usualmente trátase dunha actividade autónoma dos estudantes que inclúe a procura e recolleita de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción e/ou exposición oral.	20
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de xeito individual ou en grupo	20

Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos no aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.	20
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

Aqueles alumnos que non poidan asistir ás sesións presenciais desta materia deberán poñerse en contacto coa profesora para pactar con ela un programa de traballo individualizado.

Segunda convocatoria: Aqueles alumnos que non superen/non se presenten á primeira avaliación deberán presentarse a unha proba escrita (en inglés) de resposta longa, e a unha proba oral que consistirá nunha entrevista persoal, levada a cabo en inglés e dunha duración de aproximadamente 10 minutos. Estas probas versarán sobre os contidos da materia e cada unha delas puntuará o 50% da nota final.

As actividades non superadas durante o cuadrimestre poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións previamente conseguidas na nota final.

Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non a clase, o alumno gozará de condicións equivalentes de avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Collins diccionario español-inglés. inglés-español. Barcelona: Grijalbo, Glasgow: Harper Collins, 2002.

Larousse diccionario: English-Spanish, español-inglés. Barcelona: Larousse, 2008.

Longman Language Activator. Harlow, Essex: Pearson Education, 2002.

Oxford Practice Grammar. J. Eastwood & R. Mackin. University Press, 2006.

Cambridge: Cambridge Co-Build English Guides. Collins, 1996 - 2008

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Aprendizaxe da lingua estranxeira: Inglés/O05G110V01501

Outros comentarios

Para poder cursar esta materia con comodidade e aproveitamento, recoméndase que o alumno teña, ao empezar, un nivel de competencia comunicativa en lingua inglesa próximo ao B1.